



## \*RAMELLE (SANTA MARÍA)



Parroquia cunha superficie de 2,5 km<sup>2</sup> situada no centro-oeste do concello, que conta con 64 habitantes repartidos nos lugares de Casbarreiro, O Outeiro, As Pedreiras, Ramelle e O Salgueiro. A súa densidade de poboación é de 25,6 hab/km<sup>2</sup>.



**FRIOL**  
**PQ. RAMELLE**

As primeiras noticias documentais desta feligresía datan do ano 1290, cando Pedro Menéndez lle entregou as posesións que tiña en Ramelle, aínda que mantivo o seu usufructo de por vida. Posteriormente, no ano 1891, esta feligresía foi suprimida eclesiasticamente.

En Friol, Ramelle é un lugar que lle deu nome á parroquia. Ademais, tamén se atopa na parroquia de San Martiño de Corvelle (A Pastoriza) e na de San Pedro de Busto (Santiago de Compostela).

Pénsase que o nome de **Ramelle** pode proceder do xinecómico visigótico *\*Ramildi>Ramille*, tal e como expón Nicandro Ares (2011: 870). No século XIII xa está documentado o lugar como *Ramele*. Durante esta época, os termos que se empregaban para referirse a este lugar oscilaban entre o antes mencionado, *Remele* e *Remelle*. Outros profesores como Joseph M. Piel establecen unha relación entre a raíz *ram-* (presente neste topónimo) e o significado de «forte».

En canto ós lugares, **Casbarreiro** equivale a Casa Barreiro, unha forma composta polos termos *casa barro+ariu*, un sufixo que garda os significados de «relativo a, propio de». Este vocábulo pódese referir a un apelido e ao oficio consistente en traballar co barro.

**O Outeiro** é unha forma que se explicou amplamente en apartados anteriores (v. nº 11), ao igual ca **As Pedreiras** (v. nº 17).

Por último, **O Salgueiro** é un fitónimo procedente de *Salix* (nome latino da especie común) ao que se lle engadiu o sufixo *-ariu*. A forma simple latina que se corresponde a *salgueiro* é *salice*, pero en galego non se mantén.

\*Texto extraído do traballo clasificado no segundo posto do "I Premio de investigación Histórica, Cultural e Entnográfica Concello de Friol" presentado por Dona Laura Ferro Devesa e Dona Estefanía Pena Ferro e titulado "TOPONIMIA DO CONCELLO DE FRIOL" Friolensis